

Navegando pola canle do Furelos



Erosión: este proceso dinámico inclúe a separación dos fragmentos das rochas expostas á acción da auga do río e o seu arrastre debido á corrente. A auga das correntes fluviais pode crear fervenzas como a observada na imaxe.

Transporte: traslado, por mor da auga, dos sedimentos resultantes da erosión, dende a zona de orixe cara a outras de menor pendente onde acaban depositándose. Este transporte pode darse en disolución ou en estado sólido (suspensión, saltación, reptación...).

Fiestras graníticas

- Meteorización

Trátase da alteración "in situ" que sofren as rochas da superficie cando quedan expostas á acción de axentes atmosféricos.

Neste caso, orixínanse unhas formas en cavidades elipsoidais, nas rochas graníticas, denominadas taffoni. Os taffoni son comúns en zonas marítimas e zonas áridas. Poden ser producidos pola acción do vento e das sales que fragmentan a rocha (meteorización física) ou por reaccións químicas de hidrólise e hidratación que tamén contribúen á disgregala (meteorización química).



Illas Cíes, Vigo (Pontevedra).